



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES "Manuel García Barros"



Rúa da Cultura S/N
36681 - A Estrada (Pontevedra)
Tfno: 986590104 Fax: 986571478
ies.garcia.barros@edu.xunta.es
www.iesgarcia Barros.org

CIRCULAR nº 3 Outubro 2014
Curso 2014 - 15

Calendario escolar:

O calendario escolar recolle os seguintes períodos vacacionais:

- **Nadal:** do **22/12/2014** ao **07/01/2015** ambos os dous inclusive.
- **Entroido:** días **16, 17 e 18 de febreiro 2015**.
- **Semana Santa:** do **30 de marzo** ata o **6 de abril 2015**, ambos os dous inclusive.
- As clases rematan o 19 de xuño 2015, agás no 2º de Bacharelato que será a finais de maio (depende da CIUG).

Avaliacións: 1ª avaliación: o alumnado recibirá o boletín de notas o venres 19 de decembro 2014, ANTES das vacacións de Nadal.

2ª avaliación: o alumnado recibirá o boletín de notas o venres 27 de marzo 2015, ANTES das vacacións de Semana Santa, (agás 2º de BAC: que será o 11 de marzo).

A terceira avaliación e final será ao remate do curso académico, as notas entregaranse o xoves 25 de xuño 2015 (agás 2º BAC: ao longo do mes de maio, dependendo da CIUG).

Días festivos:

Considéranse días festivos os así declarados pola Consellería de Tráballo da Xunta de Galicia. Establécese o día do ensino coa consideración de non lectivo para efectos académicos o venres **31 outubro 2014**.

En cumprimento do apartado 2 do artigo 7º da Orde do 13 de xuño de 2014 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2014/15, serán considerados días non lectivos os dous días solicitados polo centro, o xoves 30 de outubro 2014 e o xoves 30 de abril 2015, de seren concedidos pola Administración do cal xa serán informados polos titores.

Reunións cos titores: Para calquera información de índole académica, poderá pórse en contacto, co/coa profesor/a **TITOR/A** do/da seu/súa fillo/a, según o horario que está indicado a continuación:

Titor/a:

Hora de titoría:

Prégase que comuniquen a súa visita con antelación.

Recórdase a posibilidade de entrevistarse con calquer/a profesor/a (aínda que non sexa titor d@ alumn@). O horario de atención a nais/pais pódese consultar na páxina web ou telefonicamente directamente co centro.

Departamento Orientación: Existe no centro un Departamento de Orientación Educativa e Profesional, ó que se poden dirixir, na medida do posible, concertando cita.

Secretaría: Os asuntos da Secretaría resolveranse nas oficinas de 9 a 14 horas.

Dirección: Calquera outro asunto relacionado co Instituto, poderá consultalo coa Xefa de estudos (**Ana Fernández**) ou ben coa Directora (**Gisèle Maïssa**), concertando cita. Se por calquera circunstancia non pode acudir ó Centro, non dubide en chamar por teléfono (986 590104).

A DIRECTORA

Asdo.: Gisèle MAÏSSA RODRIGO

Don/Dona:

Pai/nai/titor legal do/da alumno/a:

Do curso:...

Recibín a presente circular (terceira do curso 2014-2015):

Sinatura: